

V

AS IRMANDADES DA FALA, FITOS E LOGROS  
NO SEU FECUNDO EVOLUIR (1916-1931)

UXÍO-BREOGÁN DIÉGUEZ CEQUIEL



## AS IRMANDADES DA FALA, FITOS E LOGROS NO SEU FECUNDO EVOLUIR (1916-1931)

Os primeiros anos do pasado século XX remiten a un tempo de mudanzas e de contrastes entre a vella realidade decimonónica e o novo, por vir, por tecer, por modelar, nun novo tempo. Un tempo de cambio, de mudanzas, que vería nacer proxectos diversos en toda Europa, e no que as tensións tiñan como epicentro no vello continente, en grande medida, a cuestión nacional.

Até tal punto que naqueles inicios de século, nomeadamente por volta do 1914, estalaría a Primeira Guerra Mundial, ou Grande Guerra arredor do conflito político a escala europea arredor do dominio de Alsacia-Lorena (e que enfrontaba á Franca coa Alemaña...) e as tensións imperialistas que tiñan como protagonistas ás potencias europeas e aos Estados Unidos de América.

A Galiza non ficaría ausente destas tensións e dos debates que arredor das mesmas se desenvolverían, quer a nivel nacional quer a internacional. A prensa galega da altura así nolo revela, observándose como o galeguismo ou soberanismo galego do momento aproveitaría para amplificar as súas demandas en chave nacional naquel contexto.

Demandas e manifestacións diversas que tiñan os seus precedentes, fundacionais en todo caso, na segunda metade do século XIX. Tempo no que se manifestarían por volta do 1846 as demandadas en favor das liberdades do 'antigo reino dos Suevos' ou da 'patria galega', por boca de Antolín Faraldo no periódico *La Revolución*. Evocadoras palabras estas que contribuíron ao chamado 'Rexurdimento' das letras galegas, inequivocamente ligado a aquelas reivindicacións. Manuel Murguía desde o ámbito historiográfico, así como Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal ou Rosalía de Castro desde o ámbito literario e poético serían centrais neste esforzo. Esforzo no que se iría (re)construíndo un relato en chave nacional a partir do que ensoñar (e tecer) o futuro político do país. Todo un proceso que callará, en chave político-organizativa, na creación da *Asociación Rexionalista Galega* (A Coruña, 1890-92) que comandaría o propio Manuel Murguía e da

que farían parte destacadamente, entre outros, Alfredo Brañas e Salvador Cabeza de León.

A estes esforzos sumariáanse outras xerazóns de galeguistas e soberanistas galegos nos primeiros anos, practicamente na primeira década, do século XX. Aurelio Ribalta, desde Madrid, ou Antón Vilar Ponte, desde A Coruña, serían centrais ao respecto, chamando á unidade dos galeguistas nunha única plataforma política e de acción social (que non un partido político, malia que si a súa xénese, como veremos). Tal e como o maior dos irmáns Vilar Ponte afirmaría, Ribalta sería quen sacudiría as consciencias de galegos e galegas, coa súa defensa da lingua galega en diversas publicacións, nomeadamente a través da revista quincenal *Estudios Gallegos* desde 1915.

#### A VERTEBRACIÓN DO GALEGUISMO POLÍTICO: AS *IRMANDADES DA FALA*

Certamente, Antón Vilar Ponte tería como clara referencia ao pensador galego asentado en Madrid Aurelio Ribalta, así como centrais serían, para aquel Vilar Ponte e o galeguismo no seu conxunto daquela altura, o ferrolán Rodrigo Sanz, *alma máter* da Universidade Popular da Coruña e cofundador da *Solidariedade Galega* (co tempo *alma mater* do ‘Secretariado de Galicia’ en Madrid), e o sadense Manuel Lugrís Freire, director da *Escuela Rexional de Declamación* e cofundador da *Real Academia Gallega*; fundador igualmente da agrarista “Solidariedade Galega”, fundada a inicios daquel século XX e que tería como voceiro *A Nosa Terra*. Uns e outros serían responsábeis de diversos textos que teorizaban arredor da necesidade de lle dar á Galiza un estadio de autonomía que procurara o benestar do que non gozaba a maioría social galega, batendo co centralismo español. Unha demanda que se reclamaba referindo a realidade diferencial galega, partindo do idioma como elemento máis visíbel da mesma.

Nesta orde de cousas, Antón Vilar Ponte publicaba á altura do 5 de xaneiro de 1916 a publicación breve *Nacionalismo Gallego. Nuestra “afirmación” regional (Apuntes para un libro)*. Neste folleto o intelectual e xornalista, recién chegado da emigración cubana, afirmaba recoller e partir das demandas de Aurelio

Ribalta a favor do idioma galego e da autonomía galega, apresentando a necesidade de procurar unha “Liga de Amigos del Idioma”, tal e como ten indicado o prolífico Justo Beramendi. Expuña o redactor do diario *La Voz de Galicia* a necesidade de artellar un movemento que defendera a lingua galega, a partir do recoñecemento da Galiza como “patria natural” e “pobo libre con personalidade histórica”, sendo unha necesidade imperiosa crear unha grande plataforma galeguista, que agrupara a todos os efectivos cos que este ideario contara.

O texto condensaba boa parte da tradición galeguista anterior, achegando certas novidades, caso da incorporación do termo “nacionalismo”, como sinónimo actualizado do que viña de se denominar con anterioridade “rexionalismo”, liderado en grande medida polo historiador Manuel Murguía.

Tan só catro meses despois, nomeadamente o 18 de maio daquel 1916, Antón Vilar Ponte convocaría no local da *Real Academia Galega*, na rúa Rego d’Auga 38 1º, a xuntanza constituinte do que se denominará formalmente de inicio “Hirmandade dos Amigos da Fala” -semella que por suxestión de Ramón Vilar Ponte-<sup>34</sup>. Acontecía cincuenta e tres anos despois de que Rosalía de Castro tirara do prelo o poemario *Cantares Gallegos*, símbolo do “Rexurdimento” galego do século XIX.

Asistirían á xuntanza fundacional, entre outros, Antón e Ramón Vilar Ponte, Manuel Lugrís Freire, Francisco Tettamancy, Uxío Carré Aldao, Uxío e Leandro Carré Alvarellos, Florencio e César Vaamonde Lores, Xosé Baldomir, Xosé Iglesias Roura e Micaela Chao Maciñeira, entre outros; recibindo a adhesión de figuras como Victoriano Taiibo, Lois Porteiro Garea ou Xesús Culebras, para alén da saudazón tanxencial á iniciativa que realizaría o vello Manuel Murguía que viña de cumprir oitenta e tres anos.

A *Hirmandade dos Amigos da Fala*, ao pouco coñecida como *Irmandade da Fala*, será a organización que anove o galeguis-

34 Un proceso analizado detidamente por Justo Beramendi desde hai anos, retomado recentemente en *De Provincia a Nación. Historia do galleguismo político*, Vigo, Xerais, 2007; e por Emilio Xosé Ínsua na súa Tese de doutoramento (2002) sobre Antón Vilar Ponte, reflectida en *O Primeiro Antón Villar Ponte : achegamento ao período de formación do fundador das Irmandades da Fala (1881-1908)*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia, 2003 -da que é coautor Carlos Nuevo Cal-; ou en *Antón e Ramón Villar Ponte : unha irmandade alén do sangue*, Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004.

mo político da altura, pasando de ter o local como ámbito principal de actuación a firmemente apostar por un axir de dimensión nacional, procurando ser referencia hexemónica en todo o territorio galego; axuntando a homes e mulleres que sentiran (e pensarán) á Galiza como Terra/Nación propia, preocupados pola inferiorización da lingua e cultura galegas, realidade diante da que dar unha resposta política.

*MEDIOS DE COMUNICACIÓN PROPIOS, MOCIDADE PARA O NACIONALISMO E PRIMEIRAS TENTATIVAS ELECTORAIS*

Das primeiras iniciativas que se impulsarán desde as *Irmadades da Fala* foi a edición dun voceiro, que evocaba ao agrarismo dos primeiros anos do século que comeza a súa andaina: *A Nosa Terra*, fonte extraordinaria para o estudo das *Irmadades da Fala*.

O primeiro número saída do prelo o 14 de novembro do 1916, cun artigo a toda capa de Antón Vilar Ponte, a modo de arenga e declaración de principios, intitulado “Coa Bandeira Ergueita”. Neste sinalaba Vilar Ponte que o boletín espertaría o “sentemento e pensamento” da mocidade galega que “comezaba a xurdir na loita”, realizando unha crítica achamos inxusta aos “Precusores”, afirmando que:

( ) os Amigos da Fala queremos que a voz do pobo, gardadora porvidencial da nosa concencia colectiva, veña a inxertarse na voz da xuventude vilega, pra restaurar así antre todos un sentimento, un pensamento y-unha aición que dean mañán o froito proveitoso do rexionalismo enxebre, que fará progresar a Galicia esnaquizando os logreiros y-os labercos (...). Os que se chamen gallegos, renegando da lingua, non teñen mais dereito a chamarse así que os animais y-as prantas que nascen nos nosos eidos (...). Sere Amigos da Fala supón espírito de sacrificio (...). O que se diga ou esquirba en gallego non dará fama na Meseta. Por eso renegan do gallego moitos rexionalistas de pan levar. Por eso o rexionalismo gallego, en gallego, é a nosa bandeira de redención (...). Os Amigos da Fala seremos, pois, sempre, os gardadores do lume sagrado da patria gallega (...).

Galicia é unha patria natural con lingua de seu. As dúas columnas do noso idearium, que non tiveron en conta os subrimos

Precusores, seguíndose de eiquí o seu fracaso”, (A Nosa Terra, nº1, 1916).

O relevo que lle darán as *Irmidades* á súa proxección social, en canto programa e ideario se refire, daría lugar a este (re)lanzamento do boletín *A Nosa Terra* (após a primeira etapa desta publicación, órgano de expresión do agrarismo galego d *Solidariedade Galega* por volta do 1907), baixo a dirección do tesoureiro *irmandiño* Xosé Iglesias Roura.

Un medio de comunicación no que ler artigos dos activistas irmandiños. A través desta publicación os militantes das *Irmidades* exporían os seus postulados, teorizando arredor do problema nacional galego (desde economía até política institucional, pasando por literatura ou arquitectura); atraendo e formando, aliás, aos novos cadros que iría sumando o nacionalismo de cara a tempos futuros. Ora, ocupando a cuestión lingüístico-identitaria a maior parte das planas da publicación.

Desde o seu nacemento *A Nosa Terra* (ANT) parabenizaría iniciativas, feitos e actitudes a través dun “Cadro Branco”, denostando pola contra realidades varias da man dun “Cadro Mouro”. No primeiro número de ANT podíase ler no “Cadro Branco” un eloxio a Rodrigo Sanz “(...) home culto, austero, cheo de prestixios antre nós e no Ateneo de Madrí, onde o teñen por mestre [que] falou sempre en gallego”; así como no “Cadro Mouro” que nunha “(...) festa rexionalista (!) en honore a Rosalía de Castro, que tivo feitura no Teatro da Cruña, soyo falaron en gallego, y-en renglós curtos, algús enxebres das nosas letras. Os mais todos expresáronse no castelao”.

Xunto a este binomio, destacaban en ANT as seccións “Peneirando”, centrada na actualidade xeral, e “Novas da Causa”, onde dar conta da evolución da “causa galega”, do movemento galeguista que ían xerando e abandeirando as *Irmidades*. Gradualmente irían aparecendo seccións novas naquel boletín de oito páxinas, caso de “Tribuna Libre” ou “Follas Novas”, para dar cabida a artigos de colaboración e reseñas de libros que ían saíndo do prelo, respectivamente.

Arredor desa defensa activa do idioma e patria galega, convivirían nas *Irmidades* membros integrados en diferentes par-

tidos xunto outros que non tiñan adscripción partidaria, unidos todos e todas pola arela dunha Galiza recoñecida (e respectada) na súa personalidade *nacional*. Esta nova agrupación patriótica conxugaría cadros do rexionalismo de finais do século XIX con novos activos nados no final daquel século e inicios do XX, que rexuenerarán o galeguismo político. Salvarían este agrupamentos posicións diverxentes no relativo á cuestión relixiosa, social e, en grande medida, política, para alén da cuestión nacional galega que actuaría como común denominador. Xa que logo, non podemos pensar que estamos a referir un partido político, como ben ten aseverado Beramendi, senón agrupamentos locais de carácter patriótico, onde o elemento de unión viña a ser esa cuestión nacional galega, condensada na defensa da lingua e “identidade” galega, exclusivamente de inicio, materializada na loita pola normalización e *legalización* do idioma, así como da reivindicación do *feito* nacional galego e da existencia da nación galega evidenciada por un (longo) proceso histórico.

Desde un inicio desde as *Irmandades da Fala* procuraríase aumentar o número de cadros mozos do galeguismo, tal e como quedaba patente coas aseveracións reproducidas en ANT, observándose un intenso proselitismo ao respecto. O filósofo galego Johán Vicente Viqueira sería un dos membros, dos de maior relevo das *Irmandades* nos seus inicios, que máis intensamente traballaría neste senso, teorizando e pulando por unha “escola galega” en chave patriótica. Afirmaría este, pouco despois da creación das *Irmandades da Fala*, que cumpría que a mocidade galega fora “idealista” e “romántica” para volver ser galega:

“Oje os homes novos que podían ser unha háchanse nas mais das veces n’un triste estado. Os uns atópanse sumidos n’un groseiro materialismo, están sô para aquilo que eles chaman práctico. Os outros encóntranse domiados por un *neurotismo* egoísta entre rayolas de lua Colombines e Pierrots! Eu sinto pena, eu sinto un dôr fondo ante o espectáculo da nosa mocidade!

Pra regenerare as novas xeracións deben encherse de idealismo, de romanticismo, de entusiasmo pol-as grandes cuestións



humanas (...). Cando a nosa juventude seja romántica, idealista, volverá a ser galega”, (*A Nosa Terra*, nº45, 1918).

Nas páxinas de ANT poderían lerse, constantemente, diversos artigos e editoriais insistindo na devandita idea. Indicándose que a mocidade galega tiña a obriga de ligarse ás *Irmandades da Fala*, xeito de comprometerse co país e o seu desenvolvemento en todos os eidos. Un compromiso político en chave galeguista que se oporía ao centralismo españolista, definido como principal pexa do país e do que derivarían todas e cada unha das problemáticas da Galiza ao longo dun proceso histórico secular:

“Pensa un anaco na tua condizón de cibdadán galego; pensa que a Patrea escravizada pol-a barbarie d’un centralismo noxente, ten dereito a eisixire teu sacrificio e axuda; pensa na inutilidade da tua vida de señorito vilego (...).

Si en elo pensas, e non tes aínda capada a i-alma, veraste alumeado por unha santa rebeldía (...) xuntos temos a inmensa forza que dá a unión e a fe nos ideales”, (*A Nosa Terra*, nº45, 1918).

Non hai dúbida que o labor de axitación política desenvolvido polas *Irmandades da Fala* desde o seu nacemento darían importantes froitos. Centos de persoas irían ligándose ás mesmas e tomándoas como unha referencia, canalizando a través delas as súas inquedanzas. Cidades e vilas xa no 1916, para alén da Coruña, como Compostela, Monforte, Pontevedra ou Vilalba; e a partir do 1917 Ferrol, Vigo, Melide, Lugo ou Betanzos; ou no 1918 A Estrada, Vilagarcía ou Ortigueira, ás que sumar representación de inmediato en Madrid, Porto, Buenos Aires ou La Habana, entre moitas outras localizacións que verían darse de alta nas *Irmandades da Fala* a galegos e galegas que procuraban un tempo novo para Galiza presidido polo autogoberno.

Atraendo tamén as *Irmandades* ao seu redor outras organizacións galeguistas existentes nalgunha das devanditas localidades, caso da *Irmandade Rexionalista Galega*, na que militaba activamente o xornalista Antonio Valcárcel. Membro este, aliás, da *Irmandade da Fala* coruñesa e candidato por aquela organización ás eleccións españolas do 1918 pola circunscrición da

Coruña. Eleccións diante das que as *Irmandades da Fala* amosarían interese, ao igual que acontecera diante das municipais do 1917, animando a candidatura do propio Antonio Valcárcel (que finalmente non podería presentarse), así como a de Rodrigo Sanz por Pontedeume (que tampouco podería presentarse), a de Antón Lousada Diéguez pola Estrada, a de Lois Porteiro por Celanova e a de Francisco Vázquez, por Noia, como Justo Beramendi ten referido. Malia o fracaso dos resultados colleitados, o traballo electoral desenvolvido polas *Irmandades da Fala* naquela altura (xunto ás devanditas municipais do 1917) deu lugar a unha importante socialización e medre ao pouco das *Irmandades da Fala*.

A partir da experiencia electoral do 1918 comezarían a socializaren as *Irmandades da Fala* unha crítica sistemática á falta de parlamentarios no marco español, que defenderan os intereses da Galiza, e gradualmente destacar a necesidade de contar a nosa Terra cun Parlamento galego. Unha crítica que iría encamiñada a concienciar á sociedade galega da necesidade de representantes galegos nas institucións españolas e mesmo dun marco xurídico-político-administrativo propio, respectivamente. A militancia irmandiña socializaría desde aquela altura a idea de que, malia non tirar representación institucional, as *Irmandades* eran quen de influír no escenario político español, capacidade que sería maior de contar con parlamentarios adscritos ao seu galeguismo. Afirmaría, neste senso, o xurista vilalbés Lois Peña Novo:

“Sin ter representación n-as Cortes gobernamos dend’a oposición porque o medo ô noso trunfo fai dilixentes ôs caciques (...), (A Nosa Terra, nº50, 1918).

O saldo destes dous primeiros anos de axir das *Irmandades* significaría que, a finais do 1918, contarían estas cuns 700 efectivos e 21 agrupamentos locais estábeis. Ao que sumar que se tiña creado unha masa crítica en favor da representación galega a nivel español en chave nacionalista, que iría *in crescendo* ao longo da década dos ‘20 .

Nesta orde de cousas, as *Irmandades da Fala* procurarían tamén obter unha incidencia político-institucional que represen-

tara voz propia para o país. Promoverían un traballo electoral que daría lugar á primeira acta dun concelleiro nacionalista na historia. Sería Lois Peña Novo. O xurista galego da Terra Chá sairía eleito polo concello da Coruña, no marco das municipais de febreiro do 1920, ficando Antón Vilar Ponte a piques de conseguir a segunda acta para o nacionalismo da altura:

“A ‘Irmandade da Fala’ da Cruña acordou ire as próximas eleccións municipais. Acordouno en principio, sendo acolida a idea con fondo entusiasmo.

Hai algúns nazionalistas que coidan que pol-o d’agora temos que fuxire da política, xa que sendo unha forza pura poderíamos caer en perigos de impureza.

Mais sendo a Cruña, hastra oxe, d’un xeito espritoal a verdadeira capitalidade da nación galega, maxinamos que importará moito, pr’osfins proselitistas, termos unha representación oficial no Concello herculino”, (A Nosa Terra, nº111, 1920).

Dados os óptimos resultados colleitados, indicaríase:

“O nazionalismo galego acaba de conquistar un novo trunfo. Pol-a primeira vez fixo un chamamento á vountade popular da Cruña, e o chamamento foi respondido con éisito.

Quixemos levar unha representación das ‘Irmandades’ ô concello coruñés e o pobo dounos os seus votos cheio d’entusiasmo (...). Agora comezaremos a orgaizarnos dándolle á seición política –o mesmo que á agraria- tod’a importancia que debe tere (...).

O feito é que o nazionalismo galego conqueriu por primeira vez unha representación oficial. Lois Peña Novo terá de ser un rexidor estórico, xa que resulta o primeiro rexidor nazionalista que houbo na nosa Pátria. E agora o exempro dado pol-a ‘Irmandade’ cruñesa desexamos que cunda por outros pobos, cidades e vilas da nosa Terra”, (A Nosa Terra, nº112, 1920).

Daquelas as *Irmandades da Fala* integraban de xeito macizo os máis destacados valores da Galiza do seu tempo. Entre outros, os irmáns Vilar Ponte, Manuel Lugrís Freire, Vicente Risco, Manuel Banet Fontenla, Manuel Iglesias Roura, Ramón Cabanillas, Salvador Cabeza de León, Francisco Tettamancy, Galo

Salinas, Antón Lousada Diéguez, Lois Peña Novo, Ramón Otero Pedraio, Uxío Carré Aldao, Uxío e Leandro Carré Alvarelos, Xosé Lesta Meis, Alfredo Somoza, Federico Zamora, Daniel Rodríguez Castelao, Armando Cotarelo, Victoriano Taibo, Arturo Noguerol, Xaime Quintanilla, Evaristo Correa Calderón, Gonzalo López Abente, Víctor Casas, Florentino e César Vaamonde Lores, María Miramontes, Ánxel Casal, Camilo Díaz Baliño, Roberto Blanco Torres, Bernardino Varela, Elvira Bao Maceiras, Eleuterio González Salgado, Amparo López Jean, Carmen Chao ou Mercedes Vieito Bouza, e aos malogrados Lois Porteiro Garea e Johán Vicente Viqueira. A máxima referencia política no plano teórico representaría o ourensán Vicente Risco, autor da *Teoría do Nazonalismo Galego* (1920). Unha obra aquela que *A Nosa Terra* iría difundindo diante da súa saída do prelo, socializándoa entre as e os seus lectores. Este medio afirmaríaa en xaneiro do 1920 que:

“Vicente Risco xa rematou d’escribir un libriño que ha ser o noso ideario. Cantos conóceno din que é obra notabre. Noméase ‘Teoría do nazonalismo galego’. Como cousa do noso grande orixinal pensadore é agardada con [...] espeitación e agarimo por todol-os irmáns na causa”, (*A Nosa Terra*, nº110, 1920).